



ACTIVIDADE PORTFOLIO DE SECUNDARIA. Curso 2008/09	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	Practicar os distintos sons da lingua, poder falar do seu entorno escolar, falar da súa cidade e poder falar do seu corpo, facendo unha descrición de eles mesmos e dos seus compañeiros. Entender ordes sinxelas.
IDIOMAS	☐ INGLÉS ☒ FRANCÉS ☐ OUTRAS LINGUAS ☐ GALEGO ☐ ITALIANO ☐ CASTELÁN ☐ ALEMÁN ☐
DESCRITORES A TRABALLAR	-<u>Escoitar</u>: comprender frases sinxelas sobre o seu entorno escolar, a cidade e o seu corpo. .Comprender palabras para preguntar onde está situado un obxecto, como é a súa cidade, a descrición dunha persoa, e entender ordes sinxelas. <u>Ler</u>: Ler en voz alta algunhas palabras que practiquei. esforzarse nos sons diferentes que ten a lingua francesa. Ler e comprender instrucións sinxelas en carteis e rótulos, en notas escritas, felicitacións e instrucións sinxelas. Utilizar o meu libro ou unha lista de vocabulario para buscar o significado de palabras que non coñezo. -<u>Falar</u>: Repetir, imitando os sons e as palabras que escoito.Esforzarse por unha boa pronunciación. Reproducir frases curtas de memoria. Cantar cancións, imitando o ritmo e a entoación. Preguntar onde están situados os obxectos, preguntar a descrición das persoas. Dicar algunhas cousas sobre a miña cidade. Falar do aspecto físico dos meus familiares e amigos. -Comprender a alguén que me indica onde está situado un obxecto ou un edificio; saber indicar e entender onde está situado os diferentes establecementos da súa cidade. comprender a alguén que está facendo unha descrición de alguén; comprender ordes sinxelas. - <u>Escribir</u>: Escribir os nomes das distintas dependencias do instituto. Escribir notas, mensaxes breves e pequenas redaccións. Escribir a súa descrición física e dos seus familiares e amigos.Saber os nomes dos distintos establecementos da cidade.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	COMPRENDER: X comprensión auditiva, X comprensión lectora X FALAR: X expresión oral, X interacción oral (conversar) ☐ ESCRIBIR : X expresión escrita
OBXECTIVOS	Ser capaz de escoitar, ler, falar e conversar sobre o seu corpo e o dos demais, as distintas dependencias que hai no seu centro escolar e os distintos establecementos que hai na



	cidade e situálos no espazo.
NIVEL	1º de ESO
SECCIÓN DO PEL	X BIOGRAFÍA
PROCEDEMENTO	Facer prácticas de lectura, escoitar á profesora, ós seus compañeiros e audicións (conversas, cancións, textos); conversar co compañeiro; escribir notas, frases; colocar carteis na aula. Facer exercicios do libro ou fichas. Facer diferentes exercicios de vocabulario en internet, practicando tanto a pronuncia como a escrita.Por exemplo utilizamos distintos materiais como aprendizaxe: Para practicar as preposicións, ademais dos exercicios habituais, utilizamos a pizarra dixital, con ela practicamos non só a oralidade senón tamén a escrita. Tes varios obxectos na pizarra e o alumno ten que situálos onde manda a profesora, o exercicio é feito por todo o alumnado e todos poden ver como fai o exercicio o seu a compañeiro; así que poden aprender tamén uns dos outros. Para practicar o vocabulario do corpo humano, ademais dos exercicios habituais, tiveron que facer un debuxo situando o nome en cada unha das partes do corpo. Tamén fixemos un concurso onde eu ía indicando unha palabra e eles tiñan que ir sinalando no seu corpo ou no do seu compañeiro onde estaba situado. Finalmente fomos a internet para facer uns exercicios sobre este campo semántico, ó final do exercicio recibían unha puntuación.
AVALIACIÓN: Seguimento	Seguimento diario do traballo - Realizar controis de tipo escrito e oral. Recoller os traballos feitos (escribir notas, frases, vocabulario, carteis). Realizar controles de lectura e conversación.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	Nivel de participación Participa todo o alumnado e o resultado é ,en xeral, moi satisfactorio.